



Sr. D. Abel Ramón Caballero Álvarez
Alcalde – Presidente do Concello de Vigo

Vigo, 7 de novembro de 2018

Elena Muñoz Fonteriz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, comparece perante a Secretaría xeral do Pleno da Corporación e, como mellor proceda, di:

I.- Que con data 30 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou en sesión extraordinaria urxente o Proxecto de orzamentos xerais do Concello de Vigo para o Ano 2019 (Expte. 55/142)

II.- Que con data 30 de outubro de 2018 celebrouse a comisión informativa de orzamentos e facenda na que se deu traslado aos grupos municipais dunha copia do mencionado expediente acordándose abrir un prazo de emendas ao mesmo ata o 7 de novembro de 2018.

III. - Que, conforme aso artigos 81 e seguintes do regulamento orgánico do pleno do Concello de Vigo, e de acordo co prazo sinalado no calendario de tramitación a que alude o artigo 82 do citado texto, formula as seguintes

EMENDAS

O Partido Popular non pode estar en absoluto de acordo co proxecto de orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Municipal o día 30 de outubro do presente exercicio, ao considerar que non resulta, para nada, indicativo do modelo de cidade que Vigo precisa na procura de consolidar a recuperación económica e facela chegar á maioría dos nosos veciños.

Neste sentido, os orzamentos propostos polo executivo local para o ano 2019 adolecen das mesmas carencias das contas achegadas en exercicios anteriores, sen considerar, polo tanto, ningún tipo de evolución nin de cambio na cidade, e ignorando, unha vez más, algunhas das máis destacadas demandas dos vigueses.

O Grupo Municipal do Partido Popular non pode estar de acordo en que, un ano máis, o goberno inclúa no orzamento de ingresos unha suposta “conxelación” dos impostos municipais e o equilibrio cun orzamento de gastos cheo de partidas que logo de dez anos de anuncios mediáticos e promesas incumpridas do alcalde sabemos certamente que non se van a executar. Así mesmo, incorpóranse dotacións orzamentarias prescindibles mentres que se desatenden outras necesidades básicas como o fomento do emprego, a aposta polo crecemento demográfico ou a atención social aos máis necesitados.

Por elo, en aras de facer unha aportación construtiva á cidade, sen tratarse do proxecto que presentaría o Partido Popular, e reflectindo algúns aspectos fundamentais para o desenvolvemento de Vigo, facemos as seguintes emendas aos orzamentos, reservándonos no seu caso o dereito a explicar o noso modelo de cidade no debate plenario da corporación.

1.- RESPECTO DOS INGRESOS:

Nos derradeiros anos o Concello de Vigo ven consolidando e agravando unha situación pola que os ingresos (dereitos recoñecidos) veñen superando aos gastos (Obr. Recoñecidas netas) como se amosa nos datos das liquidacións orzamentarias dende que goberna Abel Caballero:

Exercicio	INGRESOS (Dereitos recoñecidos)	GASTOS (Obr. Recoñecidas netas)	Exceso de ingresos
2008	257.573.252,74 €	230.133.521,55 €	27.439.731,19 €
2009	299.320.635,64 €	288.901.930,56 €	10.418.705,08 €
2010	285.723.304,80 €	266.107.460,45 €	19.615.844,35 €
2011	239.218.715,45 €	254.320.363,64 €	- 15.101.648,19 €
2012	235.894.579,17 €	221.871.919,44 €	14.022.659,73 €
2013	246.294.629,78 €	241.360.621,54 €	4.934.008,24 €
2014	238.983.076,89 €	229.313.720,37 €	9.669.356,52 €
2015	242.882.558,65 €	234.280.181,60 €	8.602.377,05 €
2016	235.741.181,05 €	219.484.387,60 €	16.256.793,45 €
2017	248.147.746,96 €	227.322.537,18 €	20.825.209,78 €
			116.683.037,20 €

Esta voracidade recadatoria do Concello de Vigo equivale a que cada un dos 297.000 veciños da cidade leva ingresado con este goberno socialista un exceso de case 400€ por vigués.

Á vista destes datos o Partido Popular ven defendendo que é posible unha rebaixa nos principais impostos e taxas cobrados polo Concello sen afectar á estabilidade orzamentaria. Así, na tramitación plenaria das ordenanzas fiscais para o exercicio 2019 propuxemos a rebaixa dun 5% dos principais impostos contemplados no Cap. 1 e das taxas contempladas no Cap.3, cunha mención especial a unha rebaixa na taxa do lixo para vivendas e establecementos comercias dun 25%.

No caso particular de comerciantes afectados por obras de humanización que están a sufrir importantes perdas pola imprevisión e retrasos do Concello propoñemos unha bonificación do 99% na taxa pola recollida de lixo mentres duren as obras que lles afectan.

A maiores seguimos a propoñer que o Concello de Vigo aplique as bonificacións potestativas previstas na lei de facendas locais que non se están a aplicar a particulares e a empresas en canto aos impostos e taxas municipais.

1. No que atinxe ao Imposto de Bens Inmóbles (IBI):

- a. O 95% de bonificación a favor de inmóbles de organismos públicos de investigación de os de ensinanza universitaria, e en particular á Universidade de Vigo.
- b. O 95% de bonificación para os inmóbles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de mantemento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da Corporación.
- c. O 90% nos inmóbles de características especiais.
- d. O 50% de bonificación nos bens inmóbles que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.

2. No que atinxe ao IAE:

- a. Bonificación do 50% durante os cinco primeiros exercicios seguintes o de inicio da actividade (actualmente está no 30%) para os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial, e tributen por cota municipal.
- b. Bonificación do 50% (actualmente está no 35%) na cota do Imposto para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, o porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido, durante o período impositivo anterior.
- c. Bonificación do 50% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e utilicen ou produzan enerxía a través de sistemas renovables ou de coxeneración, realicen a súa actividade nas zonas menos poboadas do municipio e establezan plans de transporte para os seus empregados.
- d. Bonificación do 50% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e teñan unha renda ou rendemento neto da actividade negativos ou inferiores á cantidade que determine a ordenanza fiscal, a cal poderá fixar porcentaxes e límites en función de cal sexa a división, agrupación ou grupo de tarifas do imposto no que se clasifique a actividade económica realizada.
- e. Bonificación do 95% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan

declaradas de especial interés ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da corporación.

No resto de taxas e prezos públicos e dentro dos límites legais de estabilidade orzamentaria, o goberno municipal deberá aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exento (familias de baixo nivel de renda, con parados de longa duración, familias numerosas, monoparentais, con persoas dependentes ou discapacitadas, familias con membros maiores de 65 anos, con situación de violencia de xénero, maiores que viven sós).

Polo tanto, pese ao rexeitamento do goberno destas rebaixas é vontade do Grupo Municipal do Partido Popular insistir na posibilidade e idoneidade da mesmas, conminando ao Goberno Municipal a acometer unha rebaixa de impostos e taxas e a non gravar innecesariamente a economía dos vigueses.

2.- PARTIDAS ORZAMENTARIAS DE GASTO QUE SE MINORAN:

Atendendo ao informe "Regra de Gasto 2019" asinado dixitalmente pola Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) o 26/10/2018 e contido no proxecto de orzamento de 2019 as execucións dos orzamentos de gastos nos derradeiros anos por capítulos son os seguintes:

% Execución Estado de Gastos Consolidado																				
Capítulo	2008		2009		2010		2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017	
	"O"	"RP"	"O"	"RP"	"O"	"RP"	"O"	"RP"	"O"	"RP"	O	RP	O	RP	O	RP	O	RP	O	RP
I	92,45	97,35	91,86	98,02	94,96	99,86	95,13	99,35	91,57	99,54	96,58	99,8	97,11	99,81	93,96	99,83	94,24	99,89	90,11	99,96
II	90,49	79,87	89,67	80,17	89,94	80,57	95,69	82,42	94,75	82,47	96,06	88,01	95,27	86,78	93,07	92,79	92,47	92,52	92,37	91,83
III	82,39	95,7	25,5	98,12	17,61	89,01	56,99	100	50,81	100	38,91	100	49,38	100,00	11,45	88,21	10,67	100,00		
IV	91,58	90,2	92,74	77,8	91,34	90,64	85,16	95,5	88,06	91,3	94,34	87,99	93,86	87,23	94,11	93,49	95,08	86,29	95,75	92,56
VI	46,11	67,6	68,34	89,79	55,37	86,32	82,88	93,02	72,48	78,44	63,74	82,88	35,42	66,90	30,21	78,60	30,01	68,88	51,43	83,88
VII	56,71	20,66	67,6	19,02	24,99	82,43	13,36	83,46	79,72	98,64	52,31	91,37	28,55	79,31	18,40	42,13	26,10	64,68	27,61	78,34
VIII	73,6	91,29	79,98	99,46	75,19	91,97	77,94	92,26	85,84	91,91	76,98	91,98	85,08	100,00	73,08	94,64	68,00	91,45	63,40	95,78
IX	100	96,59	98,86	84,51	98,4	85,34	98,35	100	99,36	100	99,84	100	100,00	100,00	100,00	82,19	100,00	100,00		
Total	82,16	81,19	83,03	84,81	79,01	87,66	89,98	90,5	90,4	89,04	93,03	92,29	89,53	90,84	89,93	93,44	86,59	93,42	84,74	93,33

Deste xeito e atendendo aos datos expostos pola Dirección Superior Contable e Orzamentación deste Concello dos importes de excución dos derradeiros cinco anos procedería unha redución dos importes dos capítulos 2 e 4 nos seguintes importes:

Capítulo	Importe inicial	% Execución	% Inexecución	Importe a minorar	importe definitivo
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS.	125.158.944,96€	93,85%	6,15%	7.697.275,12€	117.461.669,84€
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	28.028.597,81€	94,63%	5,37%	1.505.135,70€	26.523.462,11€
				9.202.410,82€	

Esta redución proposta das partidas dos capítulos 2 e 4 realizaríase non de xeito lineal se non atendendo ao porcentaxe medio de execución de cada partida nos derradeiros anos, mantendo inalteradas aquelas que se executasen na súa totalidade que mesmo se incrementarían conforme ao que logo expoñeremos.

Partida	Importe inicial	Importe a minorar	importe definitivo
9290.5000000.FONDO DE CONTINXENCIA	600.000 €	500.000 €	100.000 €
		500.000 €	

TOTAL IMPORTES DE GASTO QUE SE MINORAN: 9.702.410,82 €

3.- PARTIDAS DE NOVA CREACIÓN:

VÍAS PÚBLICAS

Capítulo	Función	Concepto	Importe
6	1532	REPARACIÓNS E MELLORAS PASEO BOUZAS	500.000,00 €
6	1532	REPARACIÓNS E MELLORAS AS AVENIDAS	500.000,00 €
6	1532	1ª ANUAL HUMANIZACIÓN CLARA CAMPOAMOR	750.000,00 €
6	1532	HUMANIZ. ENTORNO PLAZA DE COMPOSTELA (Luis Taboada e Reconquista)	500.000,00 €
6	1532	PLAN DE MELLORA DE BEIRARÚAS NO RURAL	1.000.000,00 €

ABASTECIMIENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE

Capítulo	Función	Concepto	Importe
6	1610	MELLORAS NA ETAP DO CASAL	1.500.000,00€

MEDIO AMBIENTE

Capítulo	Función	Concepto	Importe
6	1721	REXENERACIÓN ENTORNO DE SAMIL E O BAO	500.000,00 €

EMPREGO

Capítulo	Función	Concepto	Importe
2	2410	VIVERO EMPRENDEDORES	100.000,00 €

EDUCACIÓN E CULTURA

Capítulo	Función	Concepto	Importe
6	3230	MELLORA ACCESOS CEIP PÁRROCO DON CAMILO	400.000,00 €
2	3340	PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE INDUSTRIAS CULTURAIS	50.000,00 €
2	3340	ACTIVIDADES PROMOCIÓN CAMIÑO PORTUGUÉS. XACOBEO 2021	50.000,00 €
2	3340	PROXECTO DIXITAL PROMOCIÓN REDE MUSEISTICA	50.000,00 €
2	3340	RECUPERACIÓN EVENTOS INTERNACIONAIS	250.000,00 €

XUVENTUDE

Capítulo	Función	Concepto	Importe
2	3370	PROMOCIÓN OCIO ALTERNATIVO AO BOTELLÓN E PUNTO XOVEN	100.000,00 €

DEPORTES

Capítulo	Función	Concepto	Importe
6	3420	1ª ANUALIDADE PABELLÓN DE MATAMÁ	1.000.000,00 €

COMERCIO Y TURISMO

Capítulo	Función	Concepto	Importe
4	4310	PLAN DE DINAMIZACIÓN DEL COMERCIO ON-LINE	100.000,00 €

POLICÍA LOCAL

Capítulo	Función	Concepto	Importe
2	1320	ADQUISICIÓN DE CHALECOS E CASCOS	100.000,00 €

TOTAL PARTIDAS DE NOVA CREACIÓN

7.450.000,00 €

4.- PARTIDAS ORZAMENTARIAS A INCREMENTAR

VÍAS PÚBLICAS

Func	Partida	Concepto	Dot. Inic.	Incremento	Dot. Final
1532	6190006	MELLORA DE INFRAESTRUTURA EN PARROQUIAS	430.000,00 €	500.000,00 €	930.000,00 €

MEDIO AMBIENTE

Func	Partida	Concepto	Dot. Inic.	Incremento	Dot. Final
1721	2279904	CONVENIO SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PROXECTO GATO	96.000,00 €	24.000,00 €	120.000,70 €

ACCIÓN SOCIAL

Func	Partida	Concepto	Dot. Inic.	Incremento	Dot. Final
2310	4800000	AXUDAS A FAMILIAS E FONDO DE EMERXENCIA DESHAUCIOS	842.000,00 €	158.000,00 €	1.000.000,00 €
2310	4800002	AXUDA ALUGUEIRO VIVENDA, ALIMENTOS, C.ENERXÉTICA	1.640.000,00 €	360.000,00 €	2.000.000,00 €
2310	4800011	SUBVENCION BONO- TAXIS DESCAPACITADOS	25.000,00 €	50.000,00 €	75.000,00 €
2310	4890000	SUBVENCIONS A ASOCIACIONES, ENTIDADES ETC DE CARACT	50.000,00 €	200.000,00 €	250.000,00 €

EMPREGO

Func	Partida	Concepto	Dot. Inic.	Incremento	Dot. Final
2410	4700000	PLAN DE EMPREGO XUVENIL	95.000,00 €	200.000,00 €	295.000,00 €
2410	4700001	AXUDAS A CREACIÓN DE EMPRESAS	70.000,00 €	100.000,00 €	170.000,00 €

COMERCIO E TURISMO

Func	Partida	Concepto	Dot. Inic.	Incremento	Dot. Final
4310	2279902	PLAN DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL	75.000,00 €	465.000,00 €	540.000,00 €
4320	2279907	PLAN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO	105.000,00 €	195.000,00 €	300.000,00 €

TOTAL PARTIDAS QUE SE INCREMENTAN
2.252.000,00 €
5.- EN CANTO AO CAPÍTULO DE GASTOS DE PERSOAL

No relacionado co capítulo 1 botamos en falta no proxecto do orzamento para 2019 a articulación das medidas orzamentarias e de estruturación da plantilla conducentes ao cumprimento do acordo plenario de 5 de abril de 2018 onde por unanimidade se instou ao goberno local a aprobar unha adecuación retributiva para rematar coas diferencias salariais entre policía e bombeiros deste Concello en canto aos seus complementos. Por tanto, instamos ao goberno ao seu cumprimento e inclusión no presente proxecto de orzamentos.

6.- OUTRAS ACTUACIÓNS

Paralelamente a estas actuacións o Partido Popular de Vigo ten proposto ao goberno municipal a solicitude ao goberno de Estado da cualificación como obra de interese xeral da mellora do abastecemento de Vigo que permitiría o acceso a financiación estatal e europea coa sinatura do correspondente convenio que permitiría o ingreso ao Concello dos fondos necesarios para a contratación das obras

Concepto	Importe a transferir ao Concello
Convenio con AQUAES para a mellora e adecuación da ETAP do Casal	20.000.000,00 €

7.- CONSIDERACIÓNS FINAIS

Así expostas, entendemos que as propostas presentadas por este Grupo Municipal inciden en necesidades e aspectos fundamentais da cidade para afrontar con garantías o vindeiro exercicio, na procura de facer chegar a recuperación económico ao maior número de fogares posible.

Coidamos que son propostas perfectamente asumibles polo goberno e realizadas en beneficio das veciñas e veciños de Vigo, moitas delas achegadas ao noso grupo polos propios vigueses e viguesas.

Así, instamos ao goberno local a facer un exercicio de cambio de talante e de contribución ao espírito democrático, deixando a un lado o rodillo da maioría absoluta, e asumir ou sentarse a negociar a presentes emendas co Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo.

Por todo elo, damos por presentado este documento de emendas e, para que conste, firmo o presente escrito en:

Vigo, a 7 de novembro de 2018



Asdo. Elena Muñoz Fonteriz.
Concelleira do Grupo Municipal Popular